



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

ESTATUTOS DO CONSELLO GALEGO DOS COLEXIOS PROFESIONAIS DE DELINEANTES

Decreto 107/2000, de 5 de maio, polo que se aproba a creación do Consello Galego dos Colexios Profesionais de Delineantes (Diario Oficial de Galicia número 96, de 19 de maio de 2000)

Os presidentes dos Colexios de Delineantes da Comunidade Autónoma de Galicia, en reunión celebrada o 19 de outubro de 1996, acordaron promover a constitución do Consello Galego dos Colexios Profesionais de Delineantes.

As asembleas xerais extraordinarias dos Colexios Profesionais de Delineantes de A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo, no mes de xullo de 1998, acordaron a ratificación da constitución do Consello Galego dos Colexios Profesionais de Delineantes, así como da aprobación dos seus estatutos, remitindo o expediente á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a cal, despois de introducir melloras técnicas e de redacción nos estatutos, informou favorablemente sobre a súa adecuación á legalidade.

A aprobación da creación e dos estatutos dos consellos galegos de colexios profesionais con ámbito de actuación na Comunidade Autónoma de Galicia corresponde ó Consello da Xunta de Galicia, segundo dispón o artigo 5 do Decreto 161/1997, de 5 de xuño, polo que se regulan os consellos galegos de colexios profesionais e se crea o Rexistro de Colexios Profesionais e os seus consellos.

Na súa virtude, a proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e previa deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día cinco de maio de dous mil

DISPOÑO:

Artigo 1º.- Apróbase a creación do Consello Galego dos Colexios Profesionais de Delineantes, que terá a súa sede no Colexio Profesional de Delineantes que corresponda ó presidente do consello, con ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.- Igualmente, apróbanse os estatutos do referido consello, que figuran como anexo ó presente decreto.

Disposición final

O presente decreto entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, cinco de maio de dous mil.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Antonio Pillado Montero
Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais